GRAMMAR APPENDIX

Grammar Review

PRESENT SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **work**	I / You **do not (don't) work**	**Do** I / you **work**?
He / She / It **works**	He / She / It **does not (doesn't) work**	**Does** he / she / it **work**?
We / You / They **work**	We / You / They **do not (don't) work**	**Do** we / you / they **work**?

Uses	Examples	Adverbs of frequency / Time expressions
A regular habit or routine	*My sister **works** on Sundays.* (A miña irmá traballa os domingos.)	always, usually, generally, regularly, occasionally, frequently, often, sometimes, rarely, seldom, never
A general truth or scientific fact	*Facebook **is** a popular website.* (Facebook é unha páxina web coñecida.)	at 1 o'clock, at night, in the morning, on Fridays, every week, once a month, how often ...?
Stative verbs	*I think she **is** very bossy.* (Coido que é moi mandona.)	

➲ *STATIVE VERBS*

Indican un estado, máis que unha acción, e adoitan empregarse en *Present Simple*. Están relacionados con:

- as emocións e os sentimentos (**dislike**, **enjoy**, **hate**, **hope**, **like**, **love**, **prefer**, **want**),
- o pensamento e a opinión (**believe**, **forget**, **guess**, **know**, **remember**, **think**, **understand**),
- a percepción e os sentidos (**feel**, **hear**, **see**, **smell**, **sound**, **taste**, **touch**),
- os prezos e as medidas (**cost**, **measure**, **weigh**) e
- a pertenza (**belong**, **have**, **own**).

Algúns indican tanto estado como actividade e poden empregarse en *Present Simple* e en *Present Continuous*.

*Donna **thinks** the book is wonderful.*
(Donna cre que o libro é estupendo.) [estado]

*He **is thinking** about going to Malta in the summer.*
(Está pensando en marchar a Malta no verán.) [actividade]

O verbo **see** en *Present Continuous* indica unha acción futura fixada de antemán.

*We **are seeing** Ann tonight.*
(Veremos a Ann esta noite.) [Xa quedamos.]

PRESENT CONTINUOUS

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I **am singing**	I **am (I'm) not singing**	**Am** I **singing**?
You **are singing**	You **are not (aren't) singing**	**Are** you **singing**?
He / She / It **is singing**	He / She / It **is not (isn't) singing**	**Is** he / she / it **singing**?
We / You / They **are singing**	We / You / They **are not (aren't) singing**	**Are** we / you / they **singing**?

Uses	Examples	Time expressions
An action which is happening now	*Greg **is reading** right now.* (Greg está a ler arestora.)	now, right now, at the moment
A temporary action	*I **am studying** maths this term.* (Estou a estudar matemáticas neste trimestre.)	this year, at present, today, these days, this month
A definite plan for the near future (see page 108)	*I **am meeting** my boyfriend tonight.* (Vou quedar co meu mozo esta noite.)	this evening, tonight, tomorrow, next Friday / week / year

PAST SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **finished**	I / You **did not (didn't) finish**	**Did** I / you **finish**?
He / She / It **finished**	He / She / It **did not (didn't) finish**	**Did** he / she / it **finish**?
We / You / They **finished**	We / You / They **did not (didn't) finish**	**Did** we / you / they **finish**?

Uses	Examples	Time expressions
A completed action in the past	*A dog **attacked** my sister last year.* (Un can atacou a miña irmá o ano pasado.)	yesterday, last week / year, two days ago, in 2007, in the 1980s, in the 18th century, when, then
A series of completed actions in the past	*Mr Smith **climbed** the stairs and **followed** him.* (O Sr. Smith subiu as escaleiras e seguiuno.)	

PAST CONTINUOUS

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I **was visiting**	I **was not (wasn't) visiting**	**Was** I **visiting**?
You **were visiting**	You **were not (weren't) visiting**	**Were** you **visiting**?
He / She / It **was visiting**	He / She / It **was not (wasn't) visiting**	**Was** he / she / it **visiting**?
We / You / They **were visiting**	We / You / They **were not (weren't) visiting**	**Were** we / you / they **visiting**?

Uses	Examples	Time expressions
An incomplete action in progress at a specific time in the past	*At 9 o'clock that evening, he **was waiting** for the report.* (Esa noite ás 9 el estaba a agardar polo informe.)	last night / week / year, at 4 o'clock
An incomplete action interrupted by another action	*As I **was speaking** on the phone, David came into the room.* (Mentres eu falaba por teléfono, David entrou no cuarto.)	when, while, as
Two incomplete actions in progress at the same time in the past	*While Janet **was walking** up the path, Martin **was parking** the car.* (Mentres Janet subía polo camiño, Martin estaba a estacionar o coche.)	

PAST PERFECT SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **had arrived**	I / You **had not (hadn't) arrived**	**Had** I / you **arrived**?
He / She / It **had arrived**	He / She / It **had not (hadn't) arrived**	**Had** he / she / it **arrived**?
We / You / They **had arrived**	We / You / They **had not (hadn't) arrived**	**Had** we / you / they **arrived**?

Uses	Examples	Time expressions
A completed action which took place before another action in the past	*By the time the police arrived, he **had already left**.* (Cando chegou a policía, xa marchara.)	already, by the time, after, before, until, never, just

PRESENT PERFECT SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **have lived**	I / You **have not (haven't) lived**	**Have** I / you **lived**?
He / She / It **has lived**	He / She / It **has not (hasn't) lived**	**Has** he / she / it **lived**?
We / You / They **have lived**	We / You / They **have not (haven't) lived**	**Have** we / you / they **lived**?

Uses	Examples	Time expressions
An action that began in the past and continues in the present	*I **have played** basketball for two years.* (Levo a xogar ao baloncesto dous anos.)	never, ever, already, just, yet, recently, lately, how long ...?, for, since, in recent years
An action that took place at an undetermined time in the past, but is connected to the present	*She **has moved** house recently.* (Mudou de casa hai pouco.)	

FUTURE SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **will allow**	I / You **will not (won't) allow**	**Will** I / you **allow**?
He / She / It **will allow**	He / She / It **will not (won't) allow**	**Will** he / she / it **allow**?
We / You / They **will allow**	We / You / They **will not (won't) allow**	**Will** we / you / they **allow**?

Uses	Examples	Time expressions
A prediction	*Vancouver **will attract** thousands of tourists.* (Vancouver atraerá milleiros de turistas.)	this evening, in an hour, at 2 o'clock, later, tomorrow, next month / year, soon, in a few weeks, in the future, on the 1st of May
A planned schedule	*The tour **will begin** at 9.00 am.* (A visita comezará ás 9 da mañá.)	
A spontaneous decision	*I am too tired to walk. I**'ll take** a taxi.* (Estou canso de máis para camiñar. Collerei un taxi.)	

BE GOING TO

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I **am going to buy**	I **am** (**I'm**) **not going to buy**	**Am** I **going to buy**?
You **are going to buy**	You **are not (aren't) going to buy**	**Are** you **going to buy**?
He / She / It **is going to buy**	He / She / It **is not (isn't) going to buy**	**Is** he / she / it **going to buy**?
We / You / They **are going to buy**	We / You / They **are not (aren't) going to buy**	**Are** we / you / they **going to buy**?

Uses	Examples	Time expressions
A planned action for the future	*We **are going to spend** our next holiday in London.* (Imos pasar as nosas vindeiras vacacións en Londres.)	this evening, later, in an hour, at 4 o'clock, tomorrow, soon, next month / year, in a few weeks, on the 8th of May
An action that is about to happen or a future event based on present evidence	*Be careful! You **are going to fall**!* (Ten conta! Vas caer!) *There's a lot of material - this exam **is going to be** difficult!* (Hai moita materia: este exame vai ser difícil!)	

➲ O *PRESENT CONTINUOUS* CON VALOR DE FUTURO

Anuncia accións fixadas de antemán que ocorrerán nun futuro vindeiro. Adoita reservarse para plans persoais xa concertados.

En moitos casos expresa a mesma idea que **be going to**.

*I**'m washing / going to wash** my hair this evening.*
(Vou lavar o pelo esta noite.)

En cambio, para falar de intencións ou decisións é preferíbel empregar **be going to**.

*I**'m going to talk** to him about her.*
~~*I'm talking to him about her.*~~
(Vou falarlle sobre ela.) [énfase na intención]

*I**'m seeing** Phil tonight.*
(Vexo / Verei a Phil esta noite) [énfase no plan concertado]

O *Present Continuous* con valor de futuro distínguese do normal en que a expresión temporal que vai na frase indica un tempo futuro, non presente.

*He **is studying** history **at the moment**.*
(El está a estudar historia neste intre.) [presente]

*He **is signing** a contract **tomorrow**.*
(El asina / asinará un contrato mañá.) [futuro]

FUTURE PERFECT SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **will have eaten**	I / You **will not (won't) have eaten**	**Will** I / you **have eaten**?
He / She / It **will have eaten**	He / She / It **will not (won't) have eaten**	**Will** he / she / it **have eaten**?
We / You / They **will have eaten**	We / You / They **will not (won't) have eaten**	**Will** we / you / they **have eaten**?

Uses	Examples	Time expressions
A completed action at a certain future time	*By the time he's ready to go, the shops **will have closed**.* (Cando el estea listo para marchar, as tendas terán pechado.)	by this time next week, by 3 o'clock, by the end of ..., by then, by August, in four months

FUTURE CONTINUOUS

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **will be travelling**	I / You **will not (won't) be travelling**	**Will** I / you **be travelling**?
He / She / It **will be travelling**	He / She / It **will not (won't) be travelling**	**Will** he / she / it **be travelling**?
We / You / They **will be travelling**	We / You / They **will not (won't) be travelling**	**Will** we / you / they **be travelling**?

Uses	Examples	Time expressions
An action in progress at a certain future time	*We**'ll be visiting** her on Thursday.* (Estaremos visitándoa o xoves.)	at this time tomorrow, at this time next ..., on Thursday, in the next decade

1. Fame

PRESENT PERFECT CONTINUOUS

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **have been working**	I / You **have not been working**	**Have** I / you **been working**?
He / She / It **has been working**	He / She / It **has not been working**	**Has** he / she / it **been working**?
We / You / They **have been working**	We / You / They **have not been working**	**Have** we / you / they **been working**?

Uses	Examples	Time expressions
An action that started in the past and continues in the present	*I **have been working** as a photographer for a year.* (Estiven a traballar como fotógrafo durante un ano.) *How long **have** you **been waiting**?* (Canto tempo estiveches a esperar?)	for a year, since 2002, how long ...?, all night / morning / day / week ...
An action whose results are still apparent	*I am tired. I **have been signing** autographs all night.* (Estou cansa. Estiven a asinar autógrafos toda a noite.)	

FORMA

Afirmativa: suxeito + **have** / **has been** + verbo principal rematado en **–ing**.

Negativa: suxeito + **have** / **has not** (ou **n't**) + **been** + verbo principal rematado en **–ing**.

Interrogativa: **have** / **has** + suxeito + **been** + verbo principal rematado en **–ing**.

USOS

- Expresar accións que comezaron no pasado e que aínda continúan. Como o *Present Perfect Continuous* resalta o tempo que está a durar a acción, adóitase traducir por "levar" en presente + un verbo en xerundio ou con "a" + infinitivo.

  *The actress **has been acting** for two years.*
  (A actriz leva dous anos a actuar.)
- Expresar accións rematadas recentemente cuxos efectos son visíbeis aínda.

PAST PERFECT CONTINUOUS

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **had been waiting**	I / You **had not been waiting**	**Had** I / you **been waiting**?
He / She / It **had been waiting**	He / She / It **had not been waiting**	**Had** he / she / it **been waiting**?
We / You / They **had been waiting**	We / You / They **had not been waiting**	**Had** we / you / they **been waiting**?

Uses	Examples	Time expressions
An action which continued up to another past action	*His fans **had been waiting** for three hours when he arrived.* (Os seus fans estiveran a agardar tres horas cando el chegou.)	for hours, since last April, all morning ... when, until, before ...

FORMA

Afirmativa: suxeito + **had been** + verbo principal rematado en **–ing.** É o mesmo en todas as persoas.

Negativa: suxeito + **had not** (ou **n't**) **been** + verbo principal rematado en **–ing**.

Interrogativa: **had** + suxeito + **been** + verbo principal rematado en **–ing**.

USOS

- Falar dunha acción prolongada que ocorreu no pasado antes que outra acción breve. É moi común traducilo por "levar" en pretérito imperfecto + un verbo en xerundio ou con "a" + infinitivo.

  *I **had been trying** to find an agent for months until finally I found one.* (Levaba meses intentando atopar un axente até que por fin atopei un.)

O habitual é que esas dúas accións vaian unidas por unha conxunción, que pode ser temporal (**when**, **until**, **before**), concesiva (**although**) ou causal (**because**).

*The play was a failure **because** the main character **had been drinking** all night.*
(A obra foi un fracaso porque o protagonista estivera a beber toda a noite.)

Nota:

As expresións temporais empregadas co *Past Perfect Continuous*, tanto en presente como en pasado, deben indicar un período, non un momento concreto.

O *Perfect Continuous* non vai acompañado de verbos estáticos, como **know** ou **want**.

~~*He **has been wanting** to be a singer since he was four.*~~
*He **has wanted** to be a singer since he was four.*
(Quixo ser cantante desde que tiña 4 anos.)

Se se pode contar o número de veces que ocorreu unha cousa, non se emprega o *Perfect Continuous*.

~~*He **has been trying** to call her four times today.*~~
*He **has tried** to call her four times today.*
(Intentei chamala catro veces hoxe.)

➲ O XERUNDIO E O INFINITIVO

O XERUNDIO

É a forma verbal rematada en **–ing** que funciona como substantivo nos seguintes casos:

- Como obxecto directo dalgúns verbos: **continue**, **deny**, **detest**, **dislike**, **enjoy**, **finish**, **hate**, **like**, **love**, **miss**, **prefer**, **recommend**, **suggest**, etc.

  *I **hate going** to celebrity parties.*
  (Odio ir a festas de famosos.)

- Detrás das preposicións.

  *We talked **about hiring** a bodyguard.*
  (Falamos de contratar un gardacostas.)

- Detrás dalgunhas formas verbais:
  be used to / **get used to**, **can't help**, **can't stand**, **don't mind** / **wouldn't mind**, **feel like**, **it's no use**, **look foward to**, **spend** (**time**), etc.

  *I **wouldn't mind being** famous.*
  (Non me importaría ser famosa.)

- Como suxeito da oración cando se fala de accións ou feitos en xeral.

  ***Being** a sports star is not easy.*
  (Ser unha estrela do deporte non é doado.)

O INFINITIVO

É a forma verbal precedida de **to** e emprégase nos seguintes casos:

- Como suxeito, falando dun feito concreto.

  ***To leave** now would be a mistake.*
  (Marchar agora sería un erro.)

- Detrás de verbos como: **agree**, **appear**, **choose**, **decide**, **hope**, **learn**, **plan**, **promise**, **refuse**, **seem**, **try**, **want**, **wish**, **expect**, **manage**, etc.

  *He **refused to talk** about his private life.*
  (Negouse a falar da súa vida privada.)

- Detrás dalgúns adxectivos (**busy**, **happy**, **ready**, **tired**, **willing**, etc.) e adverbios (**slowly**, **fast**, **low**, etc.).

  *I am too **tired to see** a film tonight.*
  (Estou canso de máis para ver unha película esta noite.)

- Detrás do obxecto indirecto de verbos como: **advise**, **help**, **invite**, **persuade**, **teach**, **tell**, **warn**, etc.

  *She **persuaded me to join** the cast.*
  (Ela convenceume para que me unise ao reparto.)

Porén, **make**, **let** e algúns verbos de percepción (**hear**, **feel**, **see**, etc.) van seguidos da forma base.

*The police didn't **let** me **approach** the stage.*
(A policía non me deixou achegar ao escenario.)

VERBOS SEGUIDOS DE XERUNDIO E DE INFINITIVO

Verbos como **begin**, **forbid**, **intend**, **propose** ou **start** poden ir seguidos de ambas as dúas formas verbais sen que o seu significado varíe.

*I started **to act** / **acting** two years ago.*
(Comecei a actuar hai dous anos.)

Os verbos **love**, **like**, **prefer** e **hate** poden ir seguidos tanto de xerundio coma de infinitivo, mais o matiz do seu significado varía:

- Emprégase **love** / **like** / **hate** / **prefer** + **xerundio** cando o significado é xeral.

  *I **love watching** TV.*
  (Encántame ver a televisión.)

- Emprégase **love** / **like** / **hate** / **prefer** + **infinitivo** cando se refire a unha situación ou un tempo en particular.

  *I **hate to tell** you this, but I haven't got tickets for the show.*
  (Odio dicirche isto, mais non teño entradas para o espectáculo.)

En troques, outros verbos non significan o mesmo se levan detrás un xerundio ou un infinitivo:

- ***forget*** + **xerundio** emprégase en frases negativas para indicar a imposibilidade de esquecer algo ocorrido no pasado.

  *I'll never **forget meeting** Angelina Jolie.*
  (Nunca esquecerei ter coñecido a Angelina Jolie.)

- ***forget*** + **infinitivo** significa "esquecer facer algo".

  *I **forgot to ask** her about her last album.*
  (Esquecín preguntarlle polo seu último disco.)

- ***remember*** + **xerundio** significa "lembrar algo que se fixo no pasado".

  *I **remember giving** them their tickets.*
  (Lembro terlles dado as súas entradas.)

- ***remember*** + **infinitivo** significa "lembrarse de facer algo" no futuro.

  ***Remember to take** a picture of the singer before you go.*
  (Lembra facerlle unha fotografía ao cantante antes de marchar.)

- ***regret*** + **xerundio** significa "lamentar ter feito algo no pasado".

  *He **regrets marrying** a celebrity.*
  (Arrepíntese de ter casado cunha persoa famosa.)

- ***regret*** + **infinitivo** significa "lamentar o que se vai dicir a continuación".

  *I **regret to tell** you that all the tickets have been sold.*
  (Lamento dicirche que se venderon todas as entradas.)

- ***stop*** + **xerundio** significa "deixar un hábito".

  *Amy **stopped going** to festivals last year.*
  (Amy deixou de ir a festivais o ano pasado.)

- ***stop*** + **infinitivo** significa "deixar de facer algo para facer outra cousa".

  *Can we **stop to have** a coffee?*
  (Podemos parar para tomar un café?)

⊃ VERB COLLOCATIONS

Algúns verbos van seguidos de certas palabras que só se asocian con eles e forman expresións denominadas **collocations**. Son moi habituais no inglés coloquial e convén aprendelas de memoria. Por exemplo:

catch sight of (albiscar, divisar)
catch a bus (coller un autobús)
catch someone's eye (chamar a atención de alguén)

take for granted (dar por feito/a, asumir)
take pride in (enorgullecerse, fachendear de)
take by surprise (coller por sorpresa)

go bald (quedar calvo/a)
go missing (desaparecer, esvaecerse, extraviarse)
go mad (tolear, entolecer)

⊃ SUFIXOS

Os sufixos son terminacións que se engaden a algunhas palabras para formaren outras novas.

SUFIXOS PARA FORMAREN SUBSTANTIVOS

Algúns dos máis empregados para formaren substantivos a partir de verbos son **–ment**, **–tion** / **–sion** e **–er** / **–or**.

agree (acordar)	*agree**ment*** (acordo)
invite (invitar)	*invita**tion*** (invitación)
conclude (concluír)	*conclu**sion*** (conclusión)
run (correr)	*runn**er*** (corredor/a)
sail (navegar)	*sail**or*** (mariñeiro/a)

Tamén se forman substantivos engadindo os sufixos **–ity**, **–ship**, **–ness**, **–ence** / **–ance**, **–ian** e **–th** a algúns adxectivos, substantivos ou verbos.

personal (persoal)	*personal**ity*** (personalidade)
friend (amigo/a)	*friend**ship*** (amizade)
happy (feliz)	*happi**ness*** (felicidade)
obedient (obediente)	*obedi**ence*** (obediencia)
annoy (molestar)	*annoy**ance*** (molestia)
music (música)	*music**ian*** (músico/a)
strong (forte)	*streng**th*** (forza)

SUFIXOS PARA FORMAREN ADXECTIVOS

Os sufixos **–ed** e **–ing** engádense aos verbos para formaren adxectivos. Os adxectivos rematados en **–ed** expresan que a persoa ou cousa á que se refire experimenta un efecto concreto; os rematados en **–ing** expresan que a persoa ou cousa produce o devandito efecto.

bore (aborrecer)	*bor**ed*** ([estar] aborrecido/a) *bor**ing*** ([ser] aborrecido/a)
amaze (sorprender)	*amaz**ed*** ([estar] sorprendido/a) *amaz**ing*** ([ser] sorprendente)

Os sufixos **–ful** e **–less** engádense a algúns substantivos e axudan a saber o significado dos adxectivos resultantes, pois **–ful** significa "con" e **–less** "sen".

care (coidado)	*care**ful*** (coidadoso/a) *care**less*** (descoidado/a)

Tamén se forman adxectivos engadindo os sufixos **–ous**, **–al**, **–able** / **–ible**, **–ive** e **–ant** / **–ent**.

danger (perigo)	*danger**ous*** (perigoso/a)
nation (nación)	*nation**al*** (nacional)
predict (predicir)	*predict**able*** (predicíbel)
reverse (inverso)	*revers**ible*** (reversíbel)
attract (atraer)	*attract**ive*** (atractivo/a)
resist (resistir)	*resist**ant*** (resistente)
confide (confiar)	*confid**ent*** (seguro de si)

2. Going Green

OS MODAIS

Modal	Uses	Examples
can	ability	*Most people **can do** something to protect the environment.* (A máis da xente pode/sabe facer algo para protexer o medio natural.)
	request	***Can** I **join** your group?* (Podo unirme ao voso grupo?)
	suggestion	*Teachers **can encourage** students to ride bikes to school.* (Os profesores poden animar os estudantes a que vaian en bici ao colexio.)
	possibility	*I **can lend** you my new electric car.* (Podo prestarche o meu novo coche eléctrico.)
be able to	ability, possibility	*I **was able to install** solar panels on the roof.* (Puiden instalar paneis solares no tellado.)
can't	inability	*The mayor **can't (cannot) solve** our pollution problem.* (O alcalde non pode / sabe solucionar o noso problema de contaminación.)
	prohibition	*You **can't throw** plastic in this bin.* (Non podes tirar plástico neste cubo.)
	disbelief	*That **can't be** Bob's car. He doesn't drive.* (Ese non pode ser o coche de Bob. El non conduce.)
could	past ability	*She **could run** very fast when she was a child.* (Podía / Sabía correr moi rápido cando era unha nena.)
	polite request	***Could** you **water** my plants, please?* (Poderías regar as miñas plantas, por favor?)
	polite suggestion	*You **could choose** organic food next time.* (Podías elixir comida orgánica a vindeira vez.)
	possibility	*The weather forecast **could be** wrong.* (O prognóstico do tempo podería ser erróneo.)
may / might	possibility	*Peter **might join** Greenpeace.* (Poida que Peter se una a Greenpeace.)
may	polite request	***May** I **leave** these plastic bottles here, please?* (Podo deixar estas botellas de plástico aquí, por favor?)
should / ought to	advice, opinion	*We **should / ought to keep** the sea clean.* (Deberiamos manter o mar limpo.)
need to	obligation, necessity	*I **need to find out** what the weather will be like tomorrow.* (Teño que / Cómpre averiguar que tempo fará mañá.)
have to	obligation, necessity	*We **have to avoid** using plastic products.* (Temos que evitar o uso de produtos de plástico.)
must	obligation, strong necessity	*We **must reduce** carbon emissions to slow down climate change.* (Cómpre que reduzamos as emisións de carbono para retrasar o cambio climático.)
	strong belief	*Sam **must feel** terrible after seeing all that plastic in the river.* (Sam debe sentirse fatal logo de ver todo ese plástico no río.)
mustn't	prohibition	*You **mustn't waste** water.* (Non debes estragar a auga.)
don't have to	lack of obligation / necessity	*You **don't have to worry** about swimming here. This river is not polluted.* (Non tes que preocuparte por nadar aquí. Este río non está contaminado.)
needn't	lack of obligation / necessity	*You **needn't wash** the vegetables. They are clean.* (Non tes que lavar as verduras. Están limpas.)
would	formal request	***Would** you **open** the window, please?* (Poderías abrir a ventá, por favor?)
	offer	***Would** you **like** some more water?* (Queres máis auga?)
shall	offer, suggestion	***Shall** I **help** you with your environmental research?* (Axúdote coa túa investigación medioambiental?)

FORMA

Os verbos modais:

- Son invariábeis, polo que teñen unha mesma forma para todas as persoas e non se conxugan.
- Non precisan **do** / **does** para formaren a negativa nin a interrogativa.
- Sempre van seguidos dun verbo na forma base.

Be able to, **have to** e **need to** non comparten todos estes trazos, mais si algúns dos seus usos.

USOS

can

- Expresar habilidade ou capacidade.
- Facer peticións, dar e pedir permiso.
- Facer suxestións.
- Sinalar posibilidade.

be able to

- Ten o mesmo significado que **can**, mais como **can** só pode empregarse en *Present Simple*, no resto de tempos verbais emprégase **be able to**.

can't

- Expresar falta de habilidade ou de capacidade.
- Expresar prohibición.
- Expresar dedución negativa ou certeza de que algo é imposíbel.

could

- Expresar habilidade ou capacidade no pasado.
- Facer peticións máis educadas que con **can**.
- Facer suxestións menos directas que con **can**.
- Indicar posibilidade máis remota que con **can**.

may* / *might

- Expresar posibilidade de que ocorra algo, máis remota no caso de **might**.
- **May** tamén se emprega para dar, pedir ou rexeitar permiso, ou para facer peticións educadas.

should* / *ought to

- Dar consello e facer recomendacións.
- **Ought to** case non se emprega en negativa nin en interrogativa.
- **Should** é o máis común dos dous.

need to* / *needn't

- **Need to** emprégase en afirmativa para expresar obriga e necesidade, o mesmo que **have to**.
- **Needn't** sinala ausencia de obriga e necesidade, o mesmo que **don't have to**.

must* / *have to

- Expresar obriga ou necesidade.
- **Must** só se emprega en presente e **have to** nos demais tempos.
- As persoas de autoridade empregan **must**, mentres que a obriga de **have to** non é tan forte.
- **Must** tamén se emprega para expresarmos unha conclusión lóxica sobre un feito presente ("deber de", "ter que").

mustn't

- Indicar prohibición.

don't have to

- Expresar ausencia de obriga e de necesidade ("non ter que", "non ter por qué").

would

- En interrogativa, emprégase para pedirlle a alguén que faga algo.
- Con **like**, emprégase para facer ofrecementos ou invitacións.

shall

- En interrogativa, emprégase para ofrecerse a facer algo e para facer unha suxestión.

⊃ *PHRASAL VERBS*

Son verbos seguidos de unha ou dúas partículas (preposicións, adverbios ou ambos os dous) cun significado distinto do que cada palabra ten por separado. Poden ser transitivos ou intransitivos:

*This song **brings back** some memories.*
(Esta canción tráeme lembranzas.)

*I was late because my car **broke down.***
(Cheguei tarde porque se me estragou o coche.)

Os máis dos transitivos permiten intercalar o obxecto directo entre o verbo e a partícula; se é un substantivo pode ir en medio ou non, mais se é un pronome debe colocarse entre ambos os dous.

*I'm going to **pick up** my brother at the station.*
(Vou recoller o meu irmán na estación.)

*I'm going to **pick** my brother **up** at the station.*
*I'm going to **pick** him **up** at the station.*

Porén, algúns transitivos, todos os intransitivos e os formados por dúas partículas son inseparábeis.

*He is **looking for** his sweets / them.*
(Está a buscar os seus caramelos / buscándoos.)

Algúns verbos poden combinarse con diferentes partículas para formaren distintos **phrasal verbs**.

start out (comezar)
start over (volver comezar)
start up (montar (un negocio))

Ademais, moitos **phrasal verbs** teñen máis de un significado:

break down (estragarse, avariarse; botarse a chorar; descomporse)
pick up (aprender, adquirir; recoller; mellorar, reporse)
bring up (criar(se); formular, sacar a colación)

OS MODAIS PERFECTOS

Modal Perfect	Uses	Examples
must have	Certainty that something was true	*He **must have been** upset when all his crops were destroyed.* (Debe de terse desgustado cando se estragaron todas as súas colleitas.)
may / might have	A guess about a past action or possibility that something was true	*She **may / might have forgotten** to throw out the rubbish.* (Poida que esquecese tirar o lixo.)
could have	Ability to do something in the past which in the end was not done	*He **could have joined** our protest.* (El podía terse unido á nosa protesta.)
couldn't have	Certainty that something did not happen, disbelief	*They **couldn't have predicted** the tornado. It was sunny.* (Non podían ter previsto o tornado. Ía sol.)
would have	Desire to do something in the past which in fact could not be done	*I **would have gone** to the demonstration, but I was very busy.* (Tería ido á manifestación, mais estaba moi atarefado.)
should / shouldn't / ought to have	Criticism or regret after an event	*You **shouldn't / should / ought to have warned** me earlier.* (Non deberías / Deberías terme avisado antes.)
needn't have	An unnecessary past action	*You **needn't have picked** the children **up**. I was going to do it.* (Non precisabas recoller os nenos. Ía facelo eu.)

USOS

***must have* + participio**
- Expresar unha conclusión lóxica dun feito pasado.

***may / might have* + participio**
- Facer unha suposición dun feito pasado.
- Expresar a posibilidade de que algo fose certo.

***could have* + participio**
- Sinalar que se puido ter feito algo no pasado, mais que finalmente non se fixo.

***couldn't have* + participio**
- Expresar a certeza de que algo non puido ter ocorrido.

***would have* + participio**
- Sinalar que se quixo ter feito algo no pasado, mais que non se puido debido a factores ou circunstancias externas.

***should / ought to have* + participio**
- Queixarse do que ocorreu.
- Laiarse de que non se cumprise o que se agardaba.

***shouldn't have* + participio**
- Expresar unha opinión crítica arredor dun feito pasado, sinalando que non debería ter ocorrido.

***needn't have* + participio**
- Sinalar que non era preciso facer o que se fixo.

➲ *SHOULD / HAD BETTER*

FORMA

Afirmativa: suxeito + **had better** + verbo principal na forma base. Significa "É mellor que" + un verbo en presente de subxuntivo.

*You **had better** (You**'d better**) **use** public transport.*
(É mellor que uses o transporte público.)

Negativa: suxeito + **had better not** + verbo principal na forma base.

*We**'d better not buy** that product. It's not environmentally friendly.*
(É mellor que non merquemos ese produto. Non é ecolóxico.)

Interrogativa: non se adoita empregar.

USOS

Como xa se viu, **should** emprégase para dicir o que se cre que se debería facer, dar un consello ou unha recomendación. **Had better** (ou a contracción **'d better**) é outra forma moi coloquial de expresar o mesmo.

Porén, **had better** ten un emprego distinto de **should**, pois tamén se emprega para expresarmos unha advertencia. Neste caso, adoita traducirse por "Será mellor que...", ou "Máis vale que...".

*You**'d better use** energy-efficient light bulbs!*
(Será mellor que uses lámpadas de baixo consumo!)

*You**'d better not throw** that in the river!*
(Máis vale que non guindes iso ao río!)

3. Online World

A VOZ PASIVA

Tense	Active	Passive
Present Simple	*Amazon **sells** books online.*	*Books **are sold** online by Amazon.*
Past Simple	*Amazon **sold** books online.*	*Books **were sold** online by Amazon.*
Future Simple	*Amazon **will sell** books online.*	*Books **will be sold** online by Amazon.*
Present Continuous	*Amazon **is selling** books online.*	*Books **are being sold** online by Amazon.*
Past Continuous	*Amazon **was selling** books online.*	*Books **were being sold** online by Amazon.*
Present Perfect Simple	*Amazon **has sold** books online.*	*Books **have been sold** online by Amazon.*
Past Perfect Simple	*Amazon **had sold** books online.*	*Books **had been sold** online by Amazon.*
Modals	*Amazon **should sell** books online.*	*Books **should be sold** online by Amazon.*
Modal Perfects	*Amazon **could have sold** books online.*	*Books **could have been sold** online by Amazon.*
have to	*Amazon **has to sell** books online.*	*Books **have to be sold** online by Amazon.*
be going to	*Amazon **is going to sell** books online.*	*Books **are going to be sold** online by Amazon.*

FORMA

Afirmativa: suxeito + **to be** + participio do verbo principal.

Negativa: suxeito + **to be** + **not** (ou **n't**) + participio do verbo principal.

Se a frase leva un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, engádese **not** (ou **n't**) ao modal, a **will** ou a **have** / **has**.

*The computer **mustn't be restarted** yet.*
(O ordenador non se debe reiniciar aínda.)

Interrogativa: **to be** + suxeito +participio do verbo principal.

Se na pregunta hai un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, a frase pasiva comeza co modal ou o verbo auxiliar, o mesmo ca na voz activa.

***Has** the new video game already **been launched**?*
(Lanzouse xa o novo videoxogo?)


Nas preguntas que levan partícula interrogativa tamén inverte a orde do verbo auxiliar e do suxeito, agás cando a partícula fai de suxeito.

***Where will** the new program **be purchased**?*
(Onde se mercará o novo programa?)

***Who will be chosen** as prime minister?*
(Quen será elixido primeiro ministro?)

➲ COMO PASAR UNHA ORACIÓN A PASIVA

Antes de saber cales son os pasos que cómpre seguir para pasarmos unha oración de activa a pasiva, é importante lembrar que a pasiva é máis frecuente en inglés ca en galego, polo que se adoita traducir o verbo en activa ou na forma impersoal. O esquema que se pode ver a continuación explica como se pasa unha oración de forma activa a pasiva.



(O ordenador foi arranxado polo técnico.)

- Ponse como suxeito o primeiro obxecto que haxa detrás do verbo en activa, ben sexa directo ou indirecto.

  *We **will give** a computer to Paul.*
  ***A computer will be given** to Paul.*
  (Daráselle un ordenador a Paul.)

  Cando hai dous obxectos, o máis frecuente en inglés é pór o obxecto indirecto como suxeito.

  ***Paul will be given** a computer.*

  Se o obxecto indirecto é un pronome obxecto, cámbiase á forma de pronome suxeito.

  *We **will give** him a computer.*
  ***He will be given** a computer.*

- Ponse o verbo **to be** no mesmo tempo que tiña o verbo principal na voz activa, e o verbo principal en participio.

  *She **is deleting** my files.*
  *My files **are being deleted**.*
  (Os meus arquivos están a ser borrados.)

  Os modais e **be going to** non cambian, pois é o verbo que os segue o que se pon en pasiva.

  *The teacher **can use** tutorials.*
  *Tutorials **can be used** by the teacher.*
  (Os titoriais poden ser empregados polo profesor.)

- Colócase o suxeito da activa ao final, precedido de **by**. Cómpre cambialo polo seu correspondente pronome obxecto se é un persoal.

USOS

- Indicar que a acción é máis importante que o suxeito que a realiza, ben porque é pouco relevante, descoñecido ou porque non se quere nomear.

  *Somebody **bought** the new device.*
  *The new device **was bought**.*
  (O novo dispositivo mercouse.)

- Con verbos como **say**, **think**, **believe**, **know** ou **report** é posíbel empregar dúas formas de pasiva:

  - A primeira é unha construción impersoal con **it** + un destes verbos en pasiva + unha oración con **that** + suxeito + verbo. Tradúcese como unha oración impersoal, mais activa: "Dise / Pénsase / Seica / Crese..."; só **know** pode traducirse en pasiva.

    ***It is said that** you can google anybody.*
    (Din / Dise que se pode procurar en Google a calquera.)

    ***It is known that** some of the information on Wikipedia is not accurate.*
    (Sábese que parte da información da Wikipedia non é exacta.)

  - A segunda fórmase co suxeito + un destes verbos en pasiva + infinitivo. Para traducirmos este tipo de pasiva tamén recorremos ao pronome "se" ou emprégase un suxeito xeral como "todo o mundo", "a xente", etc.

    *Her new blog **is said to be** very successful.*
    (Dise que o seu novo blog é un éxito.)

- O verbo **consider** só se pode empregar no segundo tipo de pasiva e ten unha tradución literal: "ser / estar considerado".

  *Her new blog **is considered to be** very successful.*
  (O seu novo blog está considerado un éxito.)

➲ OS VERBOS CAUSATIVOS: *HAVE / GET + SOMETHING + DONE*

Os verbos **have** / **get** + un substantivo + participio expresan accións que se encargan a alguén.

*Peter is going to **have** / **get** his website **updated**.*
(Van actualizar a páxina web de Peter.) [farao outra persoa]

Esta estrutura ten un sentido pasivo, pois o substantivo que vai no medio recibe a acción do verbo que vai en participio, mais adóitase traducir na voz activa.

*My computer crashed, so I **had** it **repaired** yesterday.*
(Colgóuseme o ordenador, así que o mandei arranxar onte.)

Aínda que ambos os dous se empregan indistintamente, **get** é máis informal e, polo tanto, máis común no inglés falado.

*I **got** my computer **repaired** last week.*
(Arranxáronme / Arranxei o ordenador a semana pasada.)

4. Sense It

O ESTILO INDIRECTO

Tense	Direct Speech	Reported Speech
Present Simple	*We **eat** tasty food.*	*She said that they **ate** tasty food.*
Past Simple	*We **ate** tasty food.*	*She said that they **had eaten** tasty food.*
Future Simple	*We **will eat** tasty food.*	*She said that they **would eat** tasty food.*
Present Continuous	*We **are eating** tasty food.*	*She said that they **were eating** tasty food.*
Past Continuous	*We **were eating** tasty food.*	*She said that they **had been eating** tasty food.*
Present Perfect Simple	*We **have eaten** tasty food.*	*She said that they **had eaten** tasty food.*
Present Perfect Continuous	*We **have been eating** tasty food.*	*She said that they **had been eating** tasty food.*
Past Perfect Simple	*We **had eaten** tasty food.*	*She said that they **had eaten** tasty food.*
Past Perfect Continuous	*We **had been eating** tasty food.*	*She said that they **had been eating** tasty food.*

CAMBIOS NOS MODAIS

Direct Speech	Reported Speech
can	**could**
may	**might**
must / have to	**must / had to**
will	**would**

CAMBIOS NOUTRAS PALABRAS E EXPRESIÓNS

Direct Speech	Reported Speech
now	then
today	that day
tonight	that night
yesterday	the previous day / the day before
last week	the previous week / the week before
a month ago	the previous month / the month before
tomorrow	the following day / the day after / the next day
next week	the following week / the week after
here	there
this / these	that / those

O estilo indirecto emprégase para contarmos o que alguén dixo sen citar exactamente as súas palabras.

REPORTED STATEMENTS

Pódese contar en presente o que alguén vén de dicir, para o cal abonda con suprimir as comiñas e cambiar o pronome suxeito e a persoa do verbo.

"I am hungry."
*She **says** that **she is** hungry.*
(Di que ten fame.)

Mais o normal é que o verbo que introduce a subordinada en estilo indirecto (polo xeral **say** ou **tell**) vaia en pasado. Daquela o cambio máis relevante é que o verbo da subordinada dá un salto atrás (de *Present Simple* a *Past Simple*, deste a *Past Perfect Simple*, etc.).

Ademais de suprimir as comiñas e cambiar os tempos verbais, tamén cómpre facer algúns cambios nos pronomes e nas expresións de tempo e de lugar.

Os verbos máis comúns para introducir o estilo indirecto son **say** e **tell**. **Tell** sempre leva un obxecto indirecto sen a preposición **to**. **Say** pode levar obxecto indirecto ou non, mais de levalo cómpre que vaia con esa preposición. A oración subordinada vai introducida pola conxunción **that**, malia que en inglés falado adoita omitirse.

"The smell is strong, but pleasant," he said.
*He **told us** (that) the smell was strong, but pleasant.*
*He **said** (that) the smell was strong, but pleasant.*
*He **said to us** (that) the smell was strong, but pleasant.*
(Díxonos que o cheiro era forte, mais agradábel.)

Cando a frase enuncia unha verdade xeral, non hai cambio nos tempos verbais.

"Smells trigger memories," he said.
*He **said** that smells **trigger** memories.*
(Dixo que os cheiros evocan lembranzas.)

REPORTED QUESTIONS

Hai dous tipos de preguntas en inglés:

- As **Yes / No questions** son as que se poden contestar cun "si" ou un "non". Para poñelas en estilo indirecto, emprégase o verbo **ask** e, a continuación, **if** ou **whether**. Como a pregunta deixa de selo e se converte nunha frase afirmativa, non hai inversión suxeito-verbo, nin sinal de interrogación, nin tampouco comiñas.

  "Do you like chocolate?" they asked the girl.
  *They **asked** the girl **if / whether she liked** chocolate.*
  (Preguntáronlle á nena se lle gustaba o chocolate.)

- As **Wh- questions** son as que comezan cunha partícula interrogativa (**what**, **who**, **where**, **when**, **why**, **whose**, **how**, etc.). Ao pasalas ao estilo indirecto, ponse a devandita partícula + suxeito + verbo, e prescíndese do sinal de interrogación e das comiñas.

  "What is your favourite flavour?" Frank asked.
  *Frank **asked what** my favourite flavour **was**.*
  (Frank preguntou cal era o meu sabor favorito.)

REPORTED ORDERS

Para pasarmos unha orde a estilo indirecto, cámbiase o imperativo por un infinitivo. Antes do infinitivo, débese empregar un verbo que exprese mandato, como **tell** ou **order**, seguido do obxecto indirecto. Tamén se poden empregar os verbos **ask** ou **beg** para expresarmos peticións, **invite** para facer unha invitación ou **warn** para advertir a alguén de algo.

"Stop staring at me," the mother told her son.
*The mother **ordered** her son **to stop** staring at her.*
(A nai ordenoulle ao seu fillo que deixara de fitala.)

De se tratar dunha oración negativa, ponse **not** diante de **to**.

"Don't tell anybody," she begged us.
*She **begged** us **not to tell** anybody.*
(Pregounos que non llo dixeramos a ninguén.)

REPORTED SUGGESTIONS

Primeiro ponse o suxeito e **suggest** ou **recommend** en pasado e, a continuación, dise o que se suxire. As suxestións pásanse ao estilo indirecto de dúas formas:

- Empregando unha oración de obxecto directo introducida por **that** e seguida do suxeito e o verbo na forma base. Neste caso a suxestión refírese a outra ou outras persoas.

  "Take the shortcut," he recommended.
  *He **recommended that we take** the shortcut.*
  (El recomendou que colleramos o atallo.)

- Empregando o xerundio, sen especificar ningún suxeito, pois a persoa que fai a suxestión se inclúe nela.

  "Let's make chocolate biscuits!" she suggested.
  *She **suggested making** chocolate biscuits.*
  (Ela suxeriu facer galletas de chocolate.)

➲ *REPORTING VERBS*

Os verbos máis empregados para introducir o estilo indirecto son **say**, **tell** e **ask**, que transmiten a mensaxe sen engadir máis información. Mais se se quere comunicar a intención do falante ou o ton que empregou, hai outros moitos **reporting verbs**:

- Afirmacións: **admit**, **agree**, **announce**, **answer**, **apologise**, **boast**, **claim**, **complain**, **declare**, **deny**, **explain**, **inform**, **insist**, **mention**, **offer**, **promise**, **refuse**, **remind**, **reply**, **state**
- Preguntas: **enquire**, **request**, **want to know**, **wonder**
- Ordes: **demand**, **order**, **shout**, **warn**
- Súplicas: **beg**
- Suxestións: **advise**, **invite**, **recommend**, **suggest**

Algúns destes verbos poden ir seguidos de infinitivo ou xerundio, malia que tamén é posíbel usalos seguidos da subordinada.

- Infinitivo: **promise**, **agree**, **refuse**, **advise**, **remind**, etc.
  *Emma **promised to cook** a mouth-watering stew.*
  (Emma prometeu cociñar un estufado que fai a boca auga.)
- Xerundio: **deny**, **admit**, etc.
  *She **admitted having** a weakness for chocolate.*
  (Admitiu ter debilidade polo chocolate.)

5. Families

AS ORACIÓNS DE RELATIVO

DEFINING RELATIVE CLAUSES

Uses	Examples
who and **that** refer to people	*She is the girl **who** / **that** lent me* The Kite Runner. (Ela é a rapaza que me prestou *Papaventos no ceo*.)
which and **that** refer to objects	The Kite Runner *is a book **which** / **that** I want to read.* (*Papaventos no ceo* é un libro que quero ler.)
whose refers to possession	*Amir is a boy **whose** father is very strict.* (Amir é un rapaz cuxo pai é moi estrito.)
when and **that** refer to a moment in time	*I'll never forget the day **when** / **that** the war broke out.* (Nunca esquecerei o día en que estoupou a guerra.)
where refers to a particular place	*I emigrated to a place **where** I can be safe.* (Emigrei a un país onde podo estar a salvo.)

NON-DEFINING RELATIVE CLAUSES

Uses	Examples
that cannot replace **who** or **which**	*Baba, **who** is Amir's father, played soccer as a child.* (Baba, que é o pai de Amir, xogaba ao fútbol de neno.)

Son oracións subordinadas adxectivas introducidas por un pronome ou un adverbio relativo. Hainas de dous tipos: **defining** (especificativas) e **non-defining** (explicativas).

DEFINING RELATIVE CLAUSES

Achegan información esencial sobre o seu antecedente. Sen ela, a frase ficaría incompleta.

- Os pronomes **who** (persoas), **which** (cousas) e **that** (persoas e cousas) poden omitirse se non fan de suxeito da oración subordinada.
- **Whose** (posesión) non se pode omitir nin substituír por **that**.
- **When** (tempo) pódese omitir se non fai de suxeito da oración subordinada, ou substituírse por **that**.
- **Where** (lugar) non pode substituírse por **that** e só se omite nalgunhas ocasións.

+ **Why** (razón) pode omitirse ou substituírse por **that**.

+ **Whom** emprégase detrás das preposicións, mais adoita omitirse e colócase a preposición detrás do verbo.

*He is the person **to whom** you need to talk.*
*He is the person you need to talk **to**.*
(El é a persoa coa que tes que falar.)

NON-DEFINING RELATIVE CLAUSES

Engaden información sobre o seu antecedente e van entre vírgulas. Fórmanse con **who**, **which**, **when**, **where** e **whose**, que non se poden omitir nin substituír por **that**.

*My father, **who** is a self-centred man, lives in Paris.*
(Meu pai, que é un egocéntrico, vive en París.)

➲ ESTRUTURAS FORMAL E INFORMAL

Cando o relativo vai precedido dunha preposición, segue a empregarse **which** se o antecedente é unha cousa; mais se é unha persoa, no canto de **who** emprégase **whom**. Este é un emprego moi formal.

O máis común en ambos os dous casos é pór a preposición ao final da oración de relativo e omitir o pronome.

*That's the point **with which** I agree.* [Formal]
*That's the point **(which)** I agree **with**.* [Informal]
(Este é o punto co que estou de acordo.)

*Dad is the person **to whom** you have to talk.* [Formal]
*Dad is the person **(who)** you have to talk **to**.* [Informal]
(Papá é a persoa coa que tes que falar.)

Cando o verbo da oración de relativo vai seguido dunha preposición, pódese empregar o relativo **who** e manter a preposición despois do verbo (informal), ou pode empregarse **whom** no canto de **who** e pór a preposición antes do pronome relativo (formal).

*His father was a bad-tempered man **who** was difficult to **live with**.* [Informal]
*His father was a bad-tempered man **with whom** it was difficult to **live**.* [Formal]
(Seu pai era un home malhumorado co que era difícil convivir.)

+ Indica usos adicionais aos amosados nas táboas.

6. A Good Buy

AS ORACIÓNS CONDICIONAIS

Conditional clause	Result clause	Examples
FIRST CONDITIONAL		
if + Present Simple **unless**	Future Simple	***If*** *you* ***do*** *the shopping here, you'****ll get*** *great discounts.* (Se fas as compras aquí, obterás moi bos descontos.)
	Imperative	***Ask*** *for the receipt* ***if*** *you* ***want*** *to be able to return the camera.* (Pide o recibo se queres poder volver a cámara.)
	Modal + base form	***If*** *you* ***buy*** *a new house, you* ***can rent out*** *the old one.* (Se mercas unha casa nova, podes alugar a vella.)
SECOND CONDITIONAL		
if + Past Simple **unless**	**would** + base form **could / might**	***If*** *I* ***had*** *enough money, I* ***would buy*** *plane tickets to Australia.* (Se tivese cartos abondo, mercaría billetes de avión a Australia.)
		You ***could / might afford*** *to buy a new car* ***if*** *you* ***won*** *the lottery.* (Poderías permitirte mercar un coche novo se gañases a lotaría.)
THIRD CONDITIONAL		
if + Past Perfect	**would have** + past participle **could have / might have**	***If*** *I* ***had had*** *the receipt, I* ***would have returned*** *this shirt.* (Se tivese o recibo, tería volvida esta camisa.)
		I ***could / might have afforded*** *it* ***if*** *my salary* ***had been*** *better.* (Podería telo permitido se o meu soldo fose mellor.)

